

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA DE 8 DE AGOSTO DE 2008

LICENZAS

PARCELACIÓN.-

2551/2007.- María Elena Nieto Parente.- Parcelación urbanística no lugar de O Queiroal(+).

APERTURAS.-

Lap/136/2007.- Amiocar, S.A.- Concesionario e taller de vehículos en Amio.-

Lap/204/2007.- Herretam, S.L.- Carpintería metálica no polígono de Boisaca.-

Lap/240/2007.- Galcar, S.A.- Informe favorable de taller de reparación e exposición de automóviles e comercio de vehículos e accesorios no Sunp-34 (polígono de Boisaca).

Lap/419/2006.- María Inmaculada Ginarte Val.- Informe favorable de farmacia na rúa Galeras, 14.

4.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á concesión de axudas á rehabilitación de vivendas e locais do Casco Histórico.

Apróbanse definitivamente axudas para tres vivendas e un local comercial, por un importe total de 21.100 euros. Igualmente, apróbanse definitivamente axudas para elementos especiais de madeira en dous inmobles, por importe de 21.367 euros e, inicialmente, outra axuda por este concepto para outro inmovible, por 4.612 euros.

5.- Aprobación de proxecto, prego e inicio do expediente de contratación das Obras incluídas no proxecto de Rexeneración do MONTE DE DIOS.

Apróbase o proxecto redactado pola empresa Consultores de Medio Ambiente y Desarrollo S.L. e o prego de cláusulas administrativas, así coma o inicio do expediente para a contratación das obras, cun tipo de licitación de 142.959 euros.

6.- Aprobación de pregos e inicio do expediente de contratación do Servizo veterinario de urxencia e de atención e recollida de animais abandonados no termo municipal.

Apróbase o prego de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, e iníciase o expediente de contratación do devandito servizo, cun tipo de licitación de 39.902 euros.

7.- Aprobación do gasto para a sinalización interpretativa do LIC no río TAMBRE.

Apróbase un gasto de 10.387 euros e adxudícase a devandita sinalización á empresa CEM, S. COOP. GALEGA.

8.- Aprobación de pregos e inicio do expediente de contratación do Servizo de desratización e desratonización no termo municipal de Santiago.

Apróbase o prego de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, e iníciase o expediente de contratación do devandito servizo, cun tipo de licitación de 25.862 euros.

9.- Aprobación do proxecto modificado de construción dunha escola infantil no POLIGONO DO TAMBRE, e adxudicación das obras que comprende.

Apróbase o proxecto modificado presentado polo arquitecto redactor do proxecto inicial, César Coll Núñez, e encárgase a realización das obras nel definidas á empresa contratista da obra principal, OVIGA S.L., por importe de 50.645 euros e un prazo de execución de oito meses.

10.- Aprobación de pregos e inicio do expediente de contratación da xestión do servizo da Escola Infantil municipal de FONTIÑAS.

Apróbase o prego de cláusulas administrativas e prescricións técnicas e iníciase o expediente de contratación da xestión do devandito servizo, establecéndose un canon máximo anual a boar ao concesionario polo Concello de 204.020 euros e un prazo de execución de 4 anos, con posibilidade de prórroga.

11.- Adxudicación do Subministro e instalación dun sistema troncal de telecomunicacións para a rede de voz e datos do Concello de Santiago.

Adxudícase o devandito subministro e instalación á empresa TELINDUS, S.A., por importe de 162.483 euros.

12.- Adxudicación do Subministro e colocación de novas placas para a sinalización de diversas rúas e retirada das vellas.

Adxudícase o devandito subministro a Alberto García Piñeiro, por importe de 13.760 euros.

13.- Aprobación de pregos e inicio do expediente de contratación da xestión do servizo da Escola Infantil municipal de CONXO.

Apróbase o prego de cláusulas administrativas e prescricións técnicas, e iníciase o expediente de contratación da xestión do devandito servizo, establecéndose un canon máximo anual a boar ao concesionario polo Concello de 209.938 euros e un prazo de execución de catro anos, con posibilidade de prórroga.

14.- Adxudicación provisional do contrato de Subministración e posta en marcha dunha rede con tecnoloxía WIMAX no Casco Histórico así como a súa xestión, mantemento e explotación.

Adxudícase provisionalmente o devandito contrato á empresa COLABORA INGENIEROS S.L., por un importe de 367.686 euros para o subministro e 16.000 euros/ano para a xestión, mantemento e explotación da rede.

15.- Proposta do concelleiro delegado de Relacións Veciñais relativa á aprobación do gasto e das bases da convocatoria de subvencións a asociacións veciñais sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de programas e actividades de interese xeral e sectorial e o mantemento de equipamentos para 2008.

Apróbase a cantidade total máxima de 100.000 euros, así como as características, prazos e normas sinaladas nas bases reguladoras das devanditas subvencións para facer posible a realización do devandito programa.

16.- Proposta da alcaldía relativa á aprobación dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre o Concello de Santiago e a Fundación Caixa Galicia para realizar proxectos culturais.

Apróbase a addenda ao devandito convenio ao efecto de admitir a imputación de custes de persoal mediante a correspondente certificación emitida polo órgano municipal.

17.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á solicitude de subvencións para o mantemento da Escola Infantil Municipal de Conxo e para a Escola Infantil Municipal de Fontiñas.

Acórdase solicitar á Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar dúas subvencións para o mantemento das escolas infantís municipais de Conxo e das Fontiñas.

18.- Proposta do concelleiro delegado de Obras e Infraestruturas relativa á apertura ao tráfico rodado da vía Domingo García-Sabell Rivas.

Acórdase proceder á posta en servizo provisorio ao tráfico rodado do tramo da vía Domingo García-Sabell Rivas, comprendido entre o cruce da rúa de Carretas-Entrerriós e o tramo xa posto en servizo provisorio pola Xunta de Goberno do 26 de decembro de 2007, e fixar como día de apertura total da rúa o 14 de agosto de 2008.

19.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á modificación do Plan de Formación Continua do Concello aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 18 de febreiro de 2008.

Acórdase a modificación do Plan de Formación Continua 2008, coa introdución de novos cursos e a modificación ou substitución doutros.

20.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á aprobación das bases para a provisión dunha praza de arquitecto superior para Licenzas e Disciplina Urbanística.

Apróbanse as bases que rexerán o proceso selectivo para a provisión do devandito posto, aplicándose a lista resultante ás vindeiras vacantes que poidan xurdir en tanto non sexa substituída pola lista de espera provinte de oposición.

21.- Expediente de modificación de crédito.

Apróbase unha transferencia de crédito de 29.006 euros para a adquisición de mobiliario e cortinas para a primeira planta do Pazo de Raxoi.

22.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica e Emprego relativa á aprobación e publicación das bases do concurso de novas ideas empresariais "COMPOSTELA ACTIVA 2008".

Apróbanse as bases do devandito concurso, cun orzamento de 28.000 euros.

23.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica e Emprego relativa á aprobación e publicación das bases das subvencións para a realización de actividades de promoción e dinamización comercial 2008.

Apróbanse as bases da devandita convocatoria, cun orzamento de 78.000 euros.

24.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica e Emprego relativa á aprobación e publicación das bases da convocatoria de axudas para a creación de novas empresas "COMPOSTELA ACTIVA 2008".

Apróbanse as bases da devandita convocatoria, cun orzamento de 40.000 euros.

25.- Proposta da concelleira delegada de Cultura relativa á aprobación da sinatura de diversos convenios con Entidades.

Apróbase a sinatura de convenios entre o Concello de Santiago e a Agrupación Cultural O Galo (15.000 euros) e a Asociación do Traxe Galego (6.000 euros).

26.- Proposta da concelleira delegada de Casco Histórico relativa á aprobación inicial da Modificación puntual do PE-1 no ámbito da EU-4. (Parque Universitario de Vista Alegre).

Apróbase inicialmente a devandita modificación, segundo o proxecto presentado o 7 de xuño pola USC e redactado polo arquitecto César Portela. Tamén se solicita á Consellería de Medio Ambiente que declare a innecesariedade de someter a modificación ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica.

27.- Proposta do concelleiro delegado de Infraestructuras relativa á aprobación do proxecto modificado de reforzo do firme na vía pública M-54-V entre Carballal e Codosedas, e a súa adxudicación.

Apróbase o proxecto modificado redactado polo arquitecto municipal, que acada os 22.096 euros, e adxudícase a obra ao contratista principal da mesma, OVIGA, S.L., por importe de 14.938 euros.

28.- Dar conta da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago e o Consorcio da cidade de Santiago para a execución das obras contidas no Plan Director do Auditorio de Galicia.

Dáse conta da sinatura do devandito convenio, no que se recolle unha achega económica do Consorcio de 500.000 euros.

29.- Dar conta da concesión de subvención pola Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

Dáse conta da aceptación dunha subvención de 5.441 euros para a realización do investimento proposto.

30.- Dar conta da concesión de subvencións para a contratación de mulleres desempregadas, pola Xunta de Galicia.

Dáse conta da concesión dunha subvención da Delegación Provincial da Consellería de Traballo para a contratación de seis traballadores: tres para o Programa de Inserción Laboral de Mulleres Vítimas de Violencia (Concellería de Promoción Económica) e tres para o Proxecto de Asistencia a Mulleres Vítimas de Violencia (Concellería de Relacións Veciñais).